



Título: *José Ortega y Gasset (1883-1955). Vida y Filosofía*
Autor: José Lasaga Medina
Colección: Los papeles de Ortega
Editorial: Biblioteca Nueva, Madrid, 2003
Núm. pp.: 196
Tamaño: 21 x 13,5

O PENSAMENTO QUE NACE DA VIDA

Declaro que non coñezo outro trazo máis certo para distinguir a un home moral dun home frívolo que o ser capaz ou non de dar a súa vida por algo (Ortega).

José Lasaga presenta na obra arriba citada unha especie de itinerario intelectual no que entrelaza a vida e creación filosófica deste personaxe excepcional que indubidablemente foi Ortega y Gasset.

Se é certo que o lugar e data de nacemento supoñen as dúas terceiras partes da biografía dunha persoa, como afirma o mesmo Ortega, iso cobra especial significado no seu propio caso. Por esa razón, o autor da obra destaca as circunstancias históricas que rodean o ano 1883 no que nace o noso filósofo, ano no que morre Carlos Marx e Nietzsche publica *Así falou Zaratustra*. Dous pensadores que viviron

no século XIX pero o seu pensamento dará os seus froitos no XX. É o momento no que empeza a crebarse a fe no positivismo científico, que acusa Unamuno na súa obra *Del sentimiento trágico de la vida*.

Son anos sombríos para España, tempos de decadencia marcados polo desastre de Cuba e a perda das últimas colonias en ultramar. Sen embargo, o pobo vive de costas á realidade. O mesmo día en que se coñece o desastre de Cavite, os madrileños acoden masivamente á corrida de touros.

A obra de Lasaga sobre Ortega divídese en sete capítulos nos que basicamente se teñen en conta os tres momentos claves no pensamento orteguiano: obxectivismo (que vai ata 1913), perspectivismo (de 1914 a 1922) e raciovitalismo, que constitúe a última evolución do seu pensamento. O autor dedica ademais catro capítulos para analizar polo miúdo a actividade e produción de Ortega. No capítulo cuarto fala da segunda viaxe á Arxentina e da publicación de dúas obras que agora saen á luz: *La rebelión de las masas*

e *¿Qué es filosofía?* O capítulo quinto está dedicado por completo á súa actividade política, que non é, segundo el, a súa verdadeira vocación. Refírese tamén ós duros anos do exilio no capítulo sexto e no último toca os anos finais.

A infancia de Ortega definea Lasaga con dúas palabras ben significativas: "breve e lectora", pasando "sen corentena dos tres mosqueteiros ós libros de cuberta amarela de Renán". O escenario cultural no que pasa os primeiros anos é ideal: fillo e neto de xornalistas, acostúmase ós faladoiros por onde pasan ilustres personaxes do campo das letras e da política. De aí vai quedar o apego a estes intercambios que logo tanto cultivará na *Revista de Occidente*.

Enceta a súa andaina literaria coa publicación de *Glosas* en 1902, á que lle dedicou unhas páxinas no seu centenario (28.08.02) o *Faro de Vigo* cuns artigos de Noé Massó Lago, autora dunha tese de doutoramento, "La imagen del ser humano en el joven Ortega y Gasset", presentada na UNED no ano 2001, baixo a dirección de Javier San Martín Sala. Noé Massó analiza a relación do "feudo electoral" de Galicia con respecto á familia Ortega e tamén relata as vacacións que pasa en Vigo con seu tío o mozo Ortega e a conferencia de Ramiro de Maeztu que escoita na Escola de Artes. Eran anos de formación e estudo universitario que se completarán logo con estancias nas universidades alemáns de Leipzig, Berlín e, sobre todo, Marburgo, onde vai adquirir unha especial devoción intelectual polos neokantianos Cohen e Paul Natorp: "Vivíase dentro da filosofía kantiana como

nunha cidadela asediada [...] —cita Lasaga— O gobernador da cidadela, Cohen, unha mente poderosísima [...] obrigou a tomar contacto coa filosofía difícil e, sobre todo, renovou a vontade do sistema, que é o específico da inspiración filosófica". Faise referencia ás tres vocacións de Ortega: literato, político e filósofo. Pero a súa auténtica vocación non é a de político — como defendía Gaos— senón a de filósofo preocupado pola ausencia de filosofía en España, que o empurra a creala.

En 1914 Europa entra en guerra. Nesse ano publica Ortega *Meditaciones del Quijote* e pronuncia a conferencia "Vella e nova política". Ambas as dúas marcan as directrices que deben guiar o quefacer filosófico e político. Nas *Meditaciones* refírese ó problema da cultura española onde di que España, a diferenza doutros países europeos como Francia, Inglaterra ou Alemaña, carece de científicos. A solución a ese mal secular pasa por mirar a Europa: "España é o problema e Europa a solución". O ideal é facer unha síntese entre a mentalidade mediterránea, máis sensible e concreta, e a xermana, máis conceptual e abstracta. O concepto é o que nos permite afondar no real e darlle sentido; pero a cultura non é só conceptos senón tamén ideais. Irrompe entón a idea de heroe que non se conforma coas rutinas diarias, cos costumes establecidos, senón que crea ideais novos que permiten superar a dimensión meramente biolóxica da vida. Pero o heroe orteguiano non é un personaxe épico senón quen se esforza todos os días por superarse. Aí radican as raíces da moral orteguiana.

Hai outra obra que aparece nesta etapa e que publica por entregas. Estamos a falar de *El Espectador*. Aquí formula a noción de verdade como perspectiva, a verdade que ten en conta o suxeito nas súas circunstancias.

En 1928 fai a segunda viaxe á Arxentina e Chile, convidado pola Asociación de Amigos del Arte. Os catro meses que bota alí son intensos. Dous artigos ían reflectir ó seu regreso as impresións desa segunda estancia: "*La pampa, promesa*" —unha das máis fermosas reflexións que sobre a paisaxe escribiu Ortega, como di Lasaga— e "*El hombre a la defensiva*" onde advirte ós arxentinos dos perigos a que se expoñen se non cambian de rumbo.

Un ano despois da súa viaxe á Arxentina empeza a publicar nos folletíns de *El Sol* o que logo publicará como libro en *La rebelión de las masas*.

Ortega pensa que o intelectual non debe pecharse senón comprometerse coa actividade política e obra en consecuencia. A finais de 1927 e comezos de 1928 publica varios artigos no xornal *El Sol* que máis tarde serían publicados en forma de libro co título, *La redención de las provincias*. Ortega defende a necesidade de que debe desaparecer a Monarquía ("delenda est Monarchia", afirma) e dar paso a unha República. A Monarquía está viciada de raíz ó fragmentar o Estado en parcelas duns poucos poderes fácticos, dunhas determinadas institucións. Xa non se goberna para todos senón para algúns. Por iso reclama a necesidade de "nacionalizar o Estado" poñéndoo ó servizo de todos. É ben sabido que Ortega participou

de forma activa na política, pero axiña quedou desencantado. En 1931 afástase definitivamente dela coa publicación de *Rectificación de la República*, onde constata que o novo sistema está a repetir os mesmos erros cá Monarquía. Retoma a actividade intelectual que orienta en tres direccións: a) Descrición da vida humana como actividade radical. A isto responden: *Qué es conocimiento* e *Unas lecciones de metafísica*; b) constitución histórica da vida humana, que se reflicte en dúas obras: *En torno a Galileo* e *Historia como sistema*; c) a crise que atravesaba a vida humana no século XX e que se mostra en *El hombre y la gente*, proxecto que se viu truncado polo inicio da Guerra Civil española.

Logo veñen nove anos de exilio que se reparten entre París, Arxentina e Portugal. Curiosamente vive tres anos en cada unha destas cidades. Foi un tempo duro para Ortega quen afirma que "padecín miseria, sufrín enfermidades longas das que tratan de ti por ti á morte, e debo dicir que se non sucumbín en tanta enfermidade foi porque a ilusión de acabar eses dous libros me sostivo cando nada máis me sustiña". Os dous libros a que se refire son *Aurora de la razón histórica* e *El hombre y la gente*, obras que por certo nunca remataría.

A decepción da terceira e derradeira viaxe que fixo á Arxentina foi moi amarga para o noso filósofo, pero non se abandonou á melancolía senón que se superou e desenvolveu un gran labor intelectual. Escribiu catro libros en tres anos.

Dedicalles o autor un breve capítulo ós derradeiros anos de Ortega que non

foron baldíos senón de plena actividade ata que a enfermidade llo impediu. Deu un curso na Universidade de Lisboa, viaxou a Aspen (Colorado), convidado a dar unha conferencia por mor do bicentenario de Goethe. Nese mesmo ano acudiu tamén á Universidade Libre de Berlín a dar unha conferencia baixo o título: "*Una meditación sobre Europa*". A calor e o afecto que lle negaban na súa patria atopouno abundante entre os alemáns que estaban ansiosos de oílo. De feito tivo que intervir a policía xa que o amplo auditorio da Universidade non tiña cabida para tantos estudantes desexosos de escoitar o filósofo español.

Venecia foi o lugar da súa despedida como conferenciante. Alí falou por última vez en público nunha intervención sobre "El medievo y la idea de Nación" en referencia á idea de home gótico.

Finaliza Lasaga dicindo: "Viviu de présa. Vía na présa unha das características do século XX, do que tanto esperou e que tanto o defraudou. Volveu a España, como un barco escangallado en busca do abrigo do porto, para pasar os seus últimos anos [...]. Tras unha operación para

constatar a irreversibilidade da doenza, morreu unha tarde de outubro de 1955.

A obra de Lasaga Medina sáese da forma usual de tratar tematicamente o pensamento orteguiano e guíase polo fío espacio-temporal do personaxe para ir resaltando as súas creacións e achegas. Desde o punto de vista conceptual, a obra perde a linearidade expositiva xa que os temas se fragmentan e son retomados en diversos momentos. Pero é preciso recoñecer que esta forma de exposición é máis fiel ó espírito orteguiano para o que non se pode entender o pensamento sen ter en conta a "circunstancia" na que agroma. Gaña entón en vivacidade xa que, utilizando o método xenético, se conectan as ideas e obras co momento que vive o autor. Non é unha mera narración biográfica senón unha análise curta pero profunda das ideas claves do orteguismo. Manexa con soltura as fontes, achegando textos ás veces novos, por pouco coñecidos. Esta obra é un bo punto de arranque para homenaxear o filósofo que a cen anos de distancia estaba poñendo os fundamentos sólidos da súa futura vocación intelectual.

Manuel Rivas García
Instituto Rosalía de Castro
Santiago de Compostela

